

### **ANEXO III: “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”**

O Plan de Continxencia da Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a actividade lectiva nunha aula ou no centro como consecuencia da aparición dun gromo.

#### **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO**

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o seguinte protocolo de actuación:

- Caso de ser menor de idade, levaráselle á sala de Covid (sala de mediación no noso centro) ata a recollida por parte da familia. Manteranse abertas ambas xanelas para asegurar a adecuada ventilación. Conta con xel hidroalcolico e papeleira con tapa de pedal.
- Será necesario contactar cun membro do equipo covid do centro.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
  - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva. (dispoñibles na sala covid)
  - de forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a non porte máscara nese momento dado, a persoa acompañante usará máscara FFP2 (KN95) sen válvula, ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable (dispoñibles na sala covid)O stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso será xestionado pola secretaria do centro, ou persoa na que delegue, e estará dispoñible en cantidade suficiente na sala covid.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.

Os pais ou titores do/a menor deberán chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguirán as súas instrucións.

- Caso de ser maior de idade, a persoa que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.



- O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

A familia dun menor con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra ou médico de cabeceira para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións do CSC e, en caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas do centro educativo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os

coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma, segundo o establecido no plan de acción tutorial do centro.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Limpeza extraordinaria e hixienizado dos espazos empregados polas persoas afectadas polo gromo.
- b) Mantemento do proceso educativo das persoas afectadas a través da aula virtual do/s grupo/s afectado/s. Véxase os horarios espello.
- c) Seguimento dos casos para, no noso ámbito de actuación, minimizar os efectos da suspensión da actividade presencial no proceso educativo das persoas afectadas.

## **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula ou do centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

Caso de confinamento de unha parte ou a totalidade do grupo, a persoa docente titora de cada grupo valorará cada caso de xeito individual e, se fose necesario, establecerá medidas de reforzo extraordinarias para as persoas afectadas.

Caso de confinamento do centro, a comisión de coordinación pedagóxica, oídas as persoas titoras e coordinadoras dos distintos niveis, establecerá as medidas de reincorporación ás aulas e as medidas de adaptación no marco normativo vixente.

A dirección do centro, oída a comisión de coordinación pedagóxica, establecerá un calendario de reincorporación progresivo á actividade presencial se así o recomendasen as autoridades educativas e/ou sanitarias e seguindo as indicacións das mesmas.

## **OFERTA EDUCATIVA 2021-2022 e horarios espello**

Seguindo o disposto na disposición cuarta da Resolución de 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19, a dirección do centro, en coordinación co equipo docente, establece os horarios espello que se detallan.

En caso de peche dunha aula ou do centro, a/o titor(a) impartirá docencia a través das ferramentas telemáticas da Consellería nos mesmos días e empezando no mesmo horario das aulas presenciais (como indicado na táboa que segue), durante un mínimo de 70 minutos até un máximo de 2 horas (no caso de ter que dividir o grupo de alumnos en agrupamentos, consonte ao Plan de Acción Titorial). Respetarase, deste xeito, o mínimo do 60% da carga lectiva de cada grupo.

O proceso de ensino aprendizaxe deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan, motivadas pola metodoloxía empregada.

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia, compre que o profesorado e o alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e que os pais/nais ou representantes legais teñan toda a información para que poidan apoiar ao alumnado no proceso. Para tal efecto:

- A dirección do centro, a través da coordinación TIC, promoverá as actividades de formación e información necesarias para que todo o profesorado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias, así como o uso efectivo da aula virtual.
- O profesorado experimentará co alumnado o uso dos medios telemáticos así como da aula virtual a empregar en caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.
- O/a titor/a de cada grupo proporcionarlle información aos pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. A información realizarase polo procedemento que se estime máis efectivo e preferentemente de xeito telemático.

A información sobre os distintos servizos educativos dixitais está dispoñible no enderezo [www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais](http://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais).



ALEMÁN				
Código grupo	Curso e nivel	Horario	Días da semana	Profesora
AL-A1-1	Nivel Básico A1	9.25 - 11.15	Martes, xoves	Victoria Penide
AL-A1-2	Nivel Básico A1	19.40 - 21.30	Martes, xoves	Mª Berta Castro
AL-A2-1	Nivel Básico A2	11.35 - 13.25	Martes, xoves	Loli González
AL-A2-2	Nivel Básico A2	19.40 - 21.30	Luns, mércores	Loli González
AL-B1.1-1	1º curso do Nivel Intermedio B1	17.30 - 19.20	Martes, xoves	Mª Isabel Iglesias
AL-B1.2-1	2º curso do Nivel Intermedio B1	17.35 - 19.25	Mércores, venres	Loli González
AL-B2-1	Nivel Intermedio B2	19.35 - 21.25	Martes, xoves	Mª Isabel Iglesias
AL-C1.1-1	1º curso do Nivel Avanzado C1	17.30 - 19.20	Luns, mércores	Victoria Penide
AL-C1.2-1	2º curso do Nivel Avanzado C1	19.35 - 21.25	Luns, mércores	Victoria Penide

FRANCÉS				
Código grupo	Curso e nivel	Horario	Días da semana	Profesora
FR-A1-1	Nivel Básico A1	9.30 - 11.20	Martes, xoves	Mª del Carmen Aido
FR-A1-2	Nivel Básico A1	19.35 - 21.25	Martes, xoves	Sabela Muñiz
FR-A2-1	Nivel Básico A2	11.40 - 13.30	Martes, xoves	Mª Berta Castro
FR-A2-2	Nivel Básico A2	19.45 - 21.35	Luns, mércores	Mª Berta Castro
FR-B1-1	Nivel Intermedio B1	11.35 - 13.25	Martes, xoves	Mª del Carmen Aido
FR-B1-2	Nivel Intermedio B1	19.40 - 21.30	Luns, mércores	Mª del Carmen Aido
FR-B2.1-1	1º curso do Nivel Intermedio B2	17.40 - 19.30	Luns, mércores	Mª Berta Castro
FR-B2.2-1	2º curso do Nivel Intermedio B2	17.35 - 19.25	Luns, mércores	Mª del Carmen Aido
FR-C1.1-1	1º curso do Nivel Avanzado C1	19.35 - 21.25	Luns, mércores	Sabela Muñiz
FR-C1.2-1	2º curso do Nivel Avanzado C1	17.30 - 19.20	Mércores, venres	Sabela Muñiz

INGLÉS				
Código grupo	Curso e nivel	Horario	Días da semana	Profesor/a
IN-A1-1	Nivel Básico A1	9.30 - 11.20	Martes, xoves	Rosa Rodríguez
IN-A1-2	Nivel Básico A1	17.35 - 19.25	Luns, mércores	Rosa Rodríguez
IN-A2-1	Nivel Básico A2	9.25 - 11.15	Martes, xoves	Elena Guerrero
IN-A2-2	Nivel Básico A2	17.30 - 19.20	Luns, mércores	Elena Guerrero
IN-A1-A2-1	Nivel Básico A2	11.40 - 13.30	Martes, xoves	Mayte Lorenzo
IN-A1-A2-2	Nivel Básico A2	19.40 - 21.30	Luns, mércores	Begoña Díaz
IN-B1-1	Nivel Intermedio B1	11.30 - 13.20	Martes, xoves	Paul Herron
IN-B1-2	Nivel Intermedio B1	15.35 - 17.25	Mércores, venres	Paul Herron
IN-B1-3	Nivel Intermedio B1	17.35 - 19.25	Luns, xoves	Begoña Díaz
IN-B1-4	Nivel Intermedio B1	17.40 - 19.30	Martes, venres	Begoña Díaz
IN-B1-5	Nivel Intermedio B1	19.45 - 21.35	Luns, mércores	Paul Herron
IN-B1-6	Nivel Intermedio B1	19.40 - 21.30	Martes, xoves	Begoña Díaz
IN-B2.1-1	1º curso do Nivel Intermedio B2	11.33 - 13.25	Luns, xoves	Mª Luisa Roca
IN-B2.1-2	1º curso do Nivel Intermedio B2	15.30 - 17.20	Mércores, venres	Mª Luisa Roca
IN-B2.1-3	1º curso do Nivel Intermedio B2	17.35 - 19.25	Martes, venres	Mª Luisa Roca
IN-B2.1-4	1º curso do Nivel Intermedio B2	19.45 - 21.35	Luns, mércores	Mª Pilar Villegas
IN-B2.1-5	1º curso do Nivel Intermedio B2	19.45 - 21.35	Martes, xoves	Mª Pilar Villegas
IN-B2.1 SEMIP.	1º curso do Nivel Intermedio B2-Semipr.	17.40 - 19.30	Xoves	Marta Gago
IN-B2.2-1	2º curso do Nivel Intermedio B2	9.30 - 11.20	Luns, xoves	Mª Luisa Roca
IN-B2.2-2	2º curso do Nivel Intermedio B2	15.35 - 17.25	Mércores, venres	Mª Pilar Villegas
IN-B2.2-3	2º curso do Nivel Intermedio B2	17.35 - 19.25	Martes, venres	Rosa Rodríguez
IN-B2.2-4	2º curso do Nivel Intermedio B2	19.35 - 21.25	Martes, xoves	Mª José González
IN-B2.2-5	2º curso do Nivel Intermedio B2	19.40 - 21.30	Luns, mércores	Rosa Rodríguez
IN-C1.1-1	1º curso do Nivel Avanzado C1	9.25 - 11.15	Martes, xoves	Paul Herron
IN-C1.1-2	1º curso do Nivel Avanzado C1	17.30 - 19.20	Martes, xoves	Mª José González



<b>IN-C1.1-3</b>	1º curso do Nivel Avanzado C1	<b>19.35 - 21.25</b>	Luns, mércores	Mª José González
<b>IN-C1.2-1</b>	2º curso do Nivel Avanzado C1	<b>9.35 - 11.25</b>	Martes, xoves	Juan Paz
<b>IN-C1.2-2</b>	2º curso do Nivel Avanzado C1	<b>17.40 - 19.30</b>	Martes, xoves	Carolina Pérez
<b>IN-C1.2-3</b>	2º curso do Nivel Avanzado C1	<b>19.35 - 21.25</b>	Luns, mércores	Elena Guerrero
<b>IN-C2-1</b>	Nivel Avanzado C2	<b>9.35 - 11.25</b>	Martes, xoves	Mayte Lorenzo
<b>IN-C2-2</b>	Nivel Avanzado C2	<b>19.45 - 21.35</b>	Luns, mércores	Mayte Lorenzo

<b>INGLÉS: Outros cursos</b>				
<b>Código grupo</b>	<b>Curso e nivel</b>	<b>Horario</b>	<b>Días da semana</b>	<b>Profesor/a</b>
<b>IN-CAL-B2-120C-1</b>	CALC B2	<b>17.40 - 19.30</b>	Luns, xoves	Mª Pilar Villegas
<b>IN-CAL-C1-120C-1</b>	CALC C1	<b>17.30 - 19.20</b>	Luns, mércores	Mª José González
<b>IN-A2-THE-MD01-1</b> <b>IN-A2-THE-MD02-1</b>	That's English!	<b>18.00 - 19.30</b>	Luns	Marta Gago
<b>IN-A2-THE-MD03-1</b> <b>IN-A2-THE-MD04-1</b>	That's English!	<b>16.00 - 17.25</b>	Xoves	Marta Gago
<b>IN-B1-THE-MD01-1</b> <b>IN-B1-THE-MD02-1</b>	That's English!	<b>19.40 - 21.00</b>	Martes	Carolina Pérez
<b>IN-B2-THE-MD01-1</b> <b>IN-B2-THE-MD02-1</b>	That's English!	<b>18.00 - 19.30</b>	Martes	Juan Paz
<b>IN-B2-THE-MD03-1</b> <b>IN-B2-THE-MD04-1</b>	That's English!	<b>18.00 - 19.30</b>	Mércores	Juan Paz
<b>IN-C1-THE-MD01-1</b> <b>IN-C1-THE-MD02-1</b>	That's English!	<b>19.40 - 21.00</b>	Xoves	Carolina Pérez

<b>ITALIANO</b>				
<b>Código grupo</b>	<b>Curso e nivel</b>	<b>Horario</b>	<b>Días da semana</b>	<b>Profesor/a</b>
<b>IT-A1-A2-1</b>	Nivel Básico A2	<b>15.30 - 17.20</b>	Mércores, venres	Olga Fernández
<b>IT-A1-A2-2</b>	Nivel Básico A2	<b>17.35 - 19.25</b>	Luns, mércores	Olga Fernández
<b>IT-B1-1</b>	Nivel Intermedio B1	<b>15.25 - 17.15</b>	Luns, mércores	Roberta Maschi
<b>IT-B2.1-1</b>	1º curso do Nivel Intermedio B2	<b>17.30 - 19.20</b>	Martes, xoves	Luis Fernández
<b>IT-B2.2-1</b>	2º curso do Nivel Intermedio B2	<b>19.40 - 21.30</b>	Luns, xoves	Olga Fernández
<b>IT-C1.1-1</b>	1º curso do Nivel Avanzado C1	<b>19.35 - 21.25</b>	Martes, xoves	Luis Fernández
<b>IT-C1.2-1</b>	2º curso do Nivel Avanzado C1	<b>17.30 - 19.20</b>	Luns, mércores	Roberta Maschi

<b>PORTUGUÉS</b>				
<b>Código grupo</b>	<b>Curso e nivel</b>	<b>Horario</b>	<b>Días da semana</b>	<b>Profesor</b>
<b>PO-A1-A2-1</b>	Nivel Básico A2	<b>19.45 - 21.35</b>	Martes, xoves	Carlos Alhegue
<b>PO-B1-1</b>	Nivel Intermedio B1	<b>17.40 - 19.30</b>	Mércores, venres	Carlos Alhegue
<b>PO-B2.1-1</b>	1º curso do Nivel Intermedio B2	<b>17.30 - 19.20</b>	Luns, xoves	Bruno Vence
<b>PO-B2.2-1</b>	2º curso do Nivel Intermedio B2	<b>19.45 - 21.35</b>	Luns, mércores	Carlos Alhegue
<b>PO-C1.1-1</b>	1º curso do Nivel Avanzado C1	<b>19.35 - 21.25</b>	Luns, mércores	Bruno Vence
<b>PO-C1.2-1</b>	2º curso do Nivel Avanzado C1	<b>17.40 - 19.30</b>	Luns, xoves	Carlos Alhegue